

# DINÁMICAS PARA APRENDER A APRENDER A PAPELEIRA



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Recoñecerse como aprendices
- ★ Valorar a súa eficacia como aprendices
- ★ Ofrecer oportunidades para o axuste de expectativas

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ A proba debe realizarse individualmente con cada alumno/a. Para que poidamos levala a cabo de forma máis rápida, podemos pedir axuda a algún profesor/a de garda ou pedir 2 persoas voluntarias entre o alumnado.
- ★ As instrucións que debemos dar ás persoas participantes son:
  - ★ Vou entregarte 5 pelotas de papel e ti debes introducir o maior número posible na papeleira. Para iso, podes colocarte á distancia que consideres ou desexes da papeleira e afinar a túa puntería.
  - ★ Antes de empezar lanzar, debes dicirme cantas pelotas, das cinco, confías en encestar na papeleira.
- ★ Quen fai de experimentador/a, debe anotar a predición e a distancia á que se sitúa na folla de rexistro desa persoa participante, xunto co seu nome (para medir a distancia poden utilizar un metro ou contar as baldosas).
- ★ Quen xoga debe lanzar as cinco pelotas de unha en unha. O experimentador anota cantas consegue introducir na papeleira na súa folla de rexistro.
- ★ Despois de lanzar as 5 pelotas e, visto o resultado, a persoa experimentadora preguntalle á xogadora se considera que tivo éxito na proba ou se, pola contra, o fixo mal (neste caso preguntarlle a que cre que se debe o seu éxito ou fracaso). A persoa experimentadora apunta as súas respostas.
- ★ Repetimos esta secuencia con cada participante en dúas ocasións, para comprobar se son capaces ou non de axustar as súas expectativas. A nova repetición dos cinco lanzamentos comeza dando a oportunidade de modificar a distancia á que se sitúa, así como de modificar o número de lanzamentos que espera realizar correctamente.
- ★ É importante lembrar que debemos rexistrar as expectativas de cada participante ao comezo de cada secuencia, os lanzamentos correctos e a distancia á que se sitúa do obxectivo. Despois de cada serie de 5 lanzamentos, preguntamos se consideran que tiveron éxito ou non. Na seguinte páxina facilitámosvos unha táboa para levar a cabo o rexistro.
- ★ Unha vez terminan as segundas roldas, entregamos a cada participante a súa folla de rexistro e o seu cuestionario de avaliación, que terán que entregar ao finalizar a sesión.

## MATERIAIS

- ★ Follas de rexistro recortadas (1 para cada participante na dinámica).
- ★ Instrucións impresas para cada experimentador/a.
- ★ Cuestionario de reflexión para cada participante na dinámica.
- ★ Tantas papeleiras como experimentadores/as (se poden ser 3, a actividade desenvolverase con maior dinamismo).
- ★ Para cada experimentador/a, 5 pelotas feitas con papel (pódense envolver con cinta de carroceiro para que queden máis compactas).



## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

A reflexión desta dinámica é tan completa, que propoñemos facela primeiro de forma individual, cubrindo o cuestionario que se anexa neste mesmo documento e, despois, cando todos os alumnos e alumnas, reflexionaron sobre o ocorrido, realizar unha reflexión grupal, que pode ser tan ampla como consideredes que o grupo necesita.

Propoñemos as seguintes preguntas para a reflexión en gran grupo:

- ★ Que vos pareceu o xogo? Gustouvos?
- ★ Quen de vós esqueceu que o obxectivo era meter o maior número de pelotas na papeleira?
  - ★ Se tedes en conta que podíades decidir desde onde lanzar a pelota, Por que decidistes poñelo tan difícil?
- ★ Era complicado meter as 5 pelotas dentro da papeleira?
- ★ Cando preparades un exame ou estades en clase traballando un tema, tedes claro cal é o voso obxectivo?, Anotades o que o profesor/a di que é importante?, tédelo en conta cando estudades?, tedes claro como se vai facer a avaliación?
- ★ Que podedes facer para non perder de vista o voso obxectivo?
- ★ Pensades que se tiverades máis oportunidades para encestar as pelotas, íades facelo cada vez mellor?, sentiríades cada vez máis seguridade para ir aumentando a distancia?
- ★ A distancia á papeleira, que pensades que simboliza no noso proceso de aprender? (a dificultade)
- ★ Tedes tarefas que vos resultan complicadas?
- ★ Que adoitades facer cando unha tarefa non vos sae como queríades? Que pensades que poderíades facer para “ache-garvos”, para facer a tarefa máis fácil? (preguntar a compañeiros/as, buscar información sobre os pasos que non entendes, preguntar ao profesor/a...)
- ★ Vós elixistes a dificultade que quixestes, cando non vos saíu, a que pensastes que foi debido?
- ★ E cando un exame non vos sae como vos gustaría, a que pensades que se debe?
- ★ E agora... a que creedes que é debido que un exame non vos salga como esperabades?
- ★ Pasoulle a alguén que a súa predición era tan baixa (meter 0 ó 1 pelota) que sentiu o éxito ao encestar só 1?, iso como se traduciría no voso traballo na escola?, que pensades que deberíades cambiar no voso proceso de aprender?
- ★ Quen de vós non perdeu de vista o seu obxectivo, colocouse preto, encestounas todas e na segunda rolda colleu confianza e afastouse un pouco máis? Que pensastes os demais sobre esa forma de xogar? Que pensades agora?
- ★ Reflexión final: Cando un xoga, aprende, divírtese, gaña ou perda. Cando un se nega xogar, seguro que evita sentirse mal por perder, pero tamén evita a sensación de gañar e de divertirse.

# A PAPELEIRA INSTRUCCIÓN EXPERIMENTADORAS/ES!



- » As instrucións que se han de dar ós participantes son:
  - » Vou entregarte 5 pelotas de papel e ti debes introducir o maior número posible na papeleira. Para iso, podes colocarte á distancia que consideres ou desexes da papeleira e afinar a túa puntería.
  - » Antes de empezar, debes dicirme cantas pelotas, das cinco, confías en lanzar correctamente desde esa distancia e introducir na papeleira.
- » Apuntas a predición na táboa de rexistro.
- » Cando finaliza, apuntas o número de pelotas que logrou encestar.
- » Pregúntaslle se está satisfeito/a e anotas a súa resposta.
- » Pregúntaslle a que cre que se debe o seu éxito ou o seu fracaso e anótalo tamén.
- » Cada participante recolle as súas pelotas, devólveas, colócase de novo ao final da fila para a segunda rolda e pasas ao seguinte, ao que lle volves a dar as instrucións.
- » Unha vez terminan as dúas roldas, entrégaslle a cada participante a súa táboa de resultados e a folla para a reflexión.



- » As instrucións que se han de dar ós participantes son:
  - » Vou entregarte 5 pelotas de papel e ti debes introducir o maior número posible na papeleira. Para iso, podes colocarte á distancia que consideres ou desexes da papeleira e afinar a túa puntería.
  - » Antes de empezar, debes dicirme cantas pelotas, das cinco, confías en lanzar correctamente desde esa distancia e introducir na papeleira.
- » Apuntas a predición na táboa de rexistro.
- » Cando finaliza, apuntas o número de pelotas que logrou encestar.
- » Pregúntaslle se está satisfeito/a e anotas a súa resposta.
- » Pregúntaslle a que cre que se debe o seu éxito ou o seu fracaso e anótalo tamén.
- » Cada participante recolle as súas pelotas, devólveas, colócase de novo ao final da fila para a segunda rolda e pasas ao seguinte, ao que lle volves a dar as instrucións.
- » Unha vez terminan as dúas roldas, entrégaslle a cada participante a súa táboa de resultados e a folla para a reflexión.



- » As instrucións que se han de dar ós participantes son:
  - » Vou entregarte 5 pelotas de papel e ti debes introducir o maior número posible na papeleira. Para iso, podes colocarte á distancia que consideres ou desexes da papeleira e afinar a túa puntería.
  - » Antes de empezar, debes dicirme cantas pelotas, das cinco, confías en lanzar correctamente desde esa distancia e introducir na papeleira.
- » Apuntas a predición na táboa de rexistro.
- » Cando finaliza, apuntas o número de pelotas que logrou encestar.
- » Pregúntaslle se está satisfeito/a e anotas a súa resposta.
- » Pregúntaslle a que cre que se debe o seu éxito ou o seu fracaso e anótalo tamén.
- » Cada participante recolle as súas pelotas, devólveas, colócase de novo ao final da fila para a segunda rolda e pasas ao seguinte, ao que lle volves a dar as instrucións.
- » Unha vez terminan as dúas roldas, entrégaslle a cada participante a súa táboa de resultados e a folla para a reflexión.

# A PAPELEIRA FOLLAS DE REXISTRO



NOME:

	Distancia (baldosas)	Cantas pelotas pensa encestar?	Cantas pelotas encestou?	Como valora o seu resultado?	A que pensa que se debe o seu éxito ou fracaso?
Rolda 1					
Rolda 2					

## A PAPELEIRA: FOLLAS DE REXISTRO

NOME:

	Distancia (baldosas)	Cantas pelotas pensa encestar?	Cantas pelotas encestou?	Como valora o seu resultado?	A que pensa que se debe o seu éxito ou fracaso?
Rolda 1					
Rolda 2					

# A PAPELEIRA CUESTIONARIO PARA A REFLEXIÓN



NOME:

Cal era o obxectivo do xogo?

A que distancia te colocaches a primeira vez?

Cantas pelotas crías que ías encestar a primeira vez?

Cantas encestaches a primeira vez?

Crees que dificultaches moito a túa tarefa?

A que distancia te colocáches a segunda vez?

Cantas crías que ías encestar a segunda vez?

Cantas encestaches a segunda vez?

Se cho puxeches moi difícil,  
Por que o fixeches?

Se tiveses outra oportunidade,  
que cambiarías?



# A PAPELEIRA: CUESTIONARIO PARA A REFLEXIÓN

NOME:

Cal era o obxectivo do xogo?

A que distancia te colocaches a primeira vez?

Cantas pelotas crías que ías encestar a primeira vez?

Cantas encestaches a primeira vez?

Crees que dificultaches moito a túa tarefa?

A que distancia te colocáches a segunda vez?

Cantas crías que ías encestar a segunda vez?

Cantas encestaches a segunda vez?

Se cho puxeches moi difícil,  
Por que o fixeches?

Se tiveses outra oportunidade,  
que cambiarías?